



**Resolución de 10 de outubro de 2018 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a resolución de 01 de agosto de 2018 pola que se convocan 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura. Accións formativas financiadas nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), na medida 2.5.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020.**

**Antecedentes**

Na resolución do 01 de agosto de 2018, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro publica a convocatoria de 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura, indicando un calendario e os lugares de realización das citadas accións formativas.

No apartado primeiro da citada resolución se indica que “se nalgunha das zonas previstas non se acadase a demanda suficiente, poderase anular a realización do curso e incrementar o número de cursos noutra(s) zona(s) onde si exista o alumnado suficiente para as prazas convocadas. Tamén dependendo da demanda se poderán facer cambios na tipoloxía dos cursos”

Polo tanto, visto o anteriormente exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias,

**RESOLVE:**

Modificar o calendario dos cursos tal como se indica a continuación:

<b>Código curso</b>	<b>Nome do curso</b>	<b>Destinatarios/as</b>	<b>Datas do curso</b>	<b>Lugar de realización</b>
Acui1801	Comercialización en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	18-19 de setembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1802	Comercialización en Acuicultura	Sector cultivo de moluscos	29-30 de outubro	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Acui1803	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos	25-26 de setembro	Aula Casa do Mar-ISM Sada
Acui1805	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos	9-10 de outubro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1806	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector piscicultura mariña	26-27 de novembro	Muros
Acui1807	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector piscicultura mariña	27-28 de novembro	Aula confraría Camariñas
Acui1808	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector piscicultura continental	6-7 de novembro	Lugo
Acui1809	Xestión da produción en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	9-10 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1812	Lexislación e xestión ambiental en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	16-17 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1813	Lexislación e xestión ambiental en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	13-14 de novembro	Muros
Acui1814	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura continental	17 de outubro	Santiago de Compostela
Acui1815	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	23-24 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa





Acui1816	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	29-30 de outubro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol
Acui1817	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	6-7 de novembro	Muros
Acui1818	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	13-14 de novembro	Aula confraría Camariñas
Acui1819	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	20-21 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1820	Xenética e reprodución en acuicultura	Sector piscicultura continental	20-21 de novembro	Lugo
Acui 1821	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura	Sector piscicultura mariña	27-28 de novembro	Escola Oficial Náutico pesqueira de Ribeira
Acui 1822	Xenética e reprodución en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	21-22 de novembro	Muros
Acui 1823	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	19-20 de novembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-IIIa de Arousa

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

